Atención Temperá

servizo para pequen@s e as súas familias



DOWN Galicia

A razón de ser de Down Galicia é mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias, a través da súa inclusión educativa, laboral e social. Para que isto sexa posible, damos o apoio necesario ao longo da vida, desde a atención temperá nos primeiros anos ata o envellecemento activo das persoas maiores.

Que é a atención temperá?

A atención temperá das entidades Down está destinada a pequenas e pequenos coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais de 0 a 6 anos, así coma as súas familias e contornas.

A intervención é realizada por profesionais especializados e está centrada na familia, favorecendo as súas competencias na crianza. Realízase unha valoración do desenvolvemento da cativa ou cativo e das necesidades da unidade familiar, e establécense unha serie de accións conxuntas para favorecer as aprendizaxes das distintas áreas: desenvolvemento motor, cognitivo, social e da linguaxe.



Cal é o seu obxectivo?

Facilitar a adecuada maduración da nena ou neno grazas ás posibilidades de aprendizaxe que se traballan coa familia. A fin é conseguir o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de inclusión social. Para iso é necesaria a total implicación da contorna, principal apoio e medio de estimulación da cativada.

Que accións inclúe?

• **Acollida e primeira noticia:** Acollida ás novas nais e pais de bebés coa síndrome de Down na que se preste información, apoio e asesoramento. Paralelamente, proporcionar a profesionais sanitarios a información e as estratexias adecuadas para mellorar a notificación do nacemento dunha filla ou fillo coa síndrome de Down aos seus proxenitores.



• **Sesións individuais e coa familia:** Asistir ás pequenas e pequenos e ás súas familias deseñando un programa de atención individual en función das súas necesidades e intereses. Por conseguinte, levaranse a cabo as sesións de intervención directa cas e cos bebés e familia facéndoa cómplice, partícipe e a principal responsable e protagonista do seu desenvolvemento.



• **Asesoramento:** Intervencións coas familias para obter información sobre relacións e necesidades, descubrir expectativas, responder a demandas e dúbidas, apoiarlles en posibles problemas e informar sobre as actuacións realizadas e logros alcanzados. Tamén se levan a cabo visitas domiciliarias se se estima conveniente e desenvolveranse reunións de grupos de familias.

• **Coordinación coa contorna:** Visitas de coordinación con escolas infantís, centros educativos e profesionais externos á entidade para traballar conxuntamente na adquisición de contidos funcionais que axuden ás persoas usuarias a adquirir autonomía para a vida.



Federación Down Galicia

981 58 11 67 · downgalicia.org
downgalicia@downgalicia.org

Entidades da Federación

Down Vigo
986 20 16 56 · downvigo.org

Down Pontevedra 'Xuntos'
986 86 55 38 · downxuntos.org

Down Ourense
988 37 03 13 · downourense.org

Down Lugo
982 24 09 21 · downlugo.org

Down Compostela
981 56 34 34 · downcompostela.org

Down Coruña
981 26 33 88 · downcoruna.org

'Teima' Down Ferrol
981 32 22 30 · teimadownferrol.org

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL